MINI GUÍAS PRL

A PREVENCIÓN, MELLOR ENTENDIDA. E MELLOR APLICADA.

CEG

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

Mini Guías de revisión e puntos de control

Esta guía práctica transforma as nove frases da campaña **Retranca na PR**L en **puntos de control verificables** da xestión da prevención de riscos laborais. A idea é ir máis alá da sensibilización e utilizar cada refrán como unha pregunta para comprobar se a prevención funciona realmente nos centros de traballo.

Como utilizar as mini guías

Para cada frase inclúense o obxectivo preventivo, as preguntas de revisión e as evidencias que convén comprobar. Pode aplicarse nunha reunión de seguimento, nunha inspección interna ou na revisión periódica do sistema preventivo.

- Cumpre: hai evidencias de que a medida está implantada e funciona.
- Cumpre parcialmente: existe, pero é incompleta, irregular ou non se verifica a súa eficacia.
- Non cumpre: a medida non existe ou non é efectiva.
- Non aplica: non corresponde aos riscos ou procesos da empresa, deixando constancia do motivo.

Unha resposta positiva debe apoiarse en evidencias, non só na existencia dun procedemento escrito.

Integración das mini guías no proxecto

As mini guías incorpóranse como unha ferramenta complementaria á campaña da CEC, mantendo a súa **linguaxe próxima e a retranca como recurso de sensibilización**, pero vinculando cada mensaxe a unha comprobación concreta.

As mini guías son unha **proposta práctica de autoavaliación**. Non substitúe a avaliación de riscos específica, a planificación preventiva legalmente esixible nin as comprobacións técnicas que correspondan a cada actividade.



Outra vaca máis no millo

Risco sen xestionar, outro que vén detrás.

Obxectivo preventivo: evitar que os problemas se acumulen ou que unha deficiencia inicial desencadee novos riscos.

Puntos de control:

- Existe un rexistro de deficiencias, incidentes e accións correctoras pendentes.
- Os riscos priorízanse segundo a súa gravidade, probabilidade e número de persoas expostas.
- As deficiencias graves reciben atención inmediata e aplícanse medidas provisionais mentres se resolve o problema.
- As accións preventivas pendentes revísanse periodicamente para evitar atrasos ou peches meramente administrativos.
- Os cambios nos procesos, equipos ou instalacións avalíanse antes de introducirse cando poidan xerar novos riscos.
- Coordínanse as medidas cando coinciden persoal propio, contratas, subcontratas ou empresas concorrentes.

Evidencias que revisar: rexistro de accións correctoras, actas de coordinación, avaliacións actualizadas e informes de seguimento.

Pregunta clave: sabemos que riscos están pendentes, cales son prioritarios e quen debe resolvelos?

Quen financia esta iniciativa?

Esta iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia, , ao abeiro das axudas en materia de prevención de riscos laborais segundo a Lei 31/1995.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec
CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

Co financiamento de:
XUNTA
DE GALICIA

A TÚA VOZ CONTA

Falamos? Manda ti primeiro, que nós escoitamos.

cec.es

prevencion@cec.es

981 558 456